



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 23 DE

XANEIRO DE 2012

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás dez horas do día vinte e tres de xaneiro de dous mil doce, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 997 de data 17 de xuño de 2011: dona Maria Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocio Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta Maria Vázquez Golpe e don Manuel Marante Gómez.

Non asiste e presente escusa don Santiago Manuel Ríos Rama.

Intervén como secretaria da Corporación dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.-Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 16 de xaneiro de 2012.

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 16 de xaneiro de 2011 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete membros asistentes á sesión, aprobou o citado borrador.

2º.- Correspondencia.

- Escrito do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, rexistrado de entrada con data do día 12 de xaneiro de 2012 co número 279, ao que achega un exemplar da prórroga do convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Cambre para o desenvolvemento do programa xantar na casa.

- Escrito do director xeral de Desenvolvemento Rural, Consellería de Medio Rural e do Mar, rexistrado de entrada con data do día 18 de xaneiro de 2012 co número 485, no que comunica

información relacionada cos Plans estratéxicos de infraestruturas no medio rural. Correspóndelle ao Concello de Cambre a cantidade de 45.584,52 euros.

- Anuncio do concurso entre o persoal laboral do concello para prover o posto de oficial de obras. (Diario Oficial de Galicia número 13, de data do día 19 de xaneiro de 2012).

- Escrito da Xunta de Galicia, no que comunica que a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica da Presidencia da Xunta de Galicia inicia unha nova edición da “enquisa sobre a administración electrónica nos concellos galegos. Ano 2011”, e interesa que antes do 31 de xaneiro se designe ao responsable de cumprimentar a enquisa.

3º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área.

Os presentes danse por enterados das resolucións ditadas dende a última Xunta de Goberno Local.

Informes do concelleiro delegado da área de Deportes, Xuventude e Voluntariado

Don Fernando Caride Suárez informa que o vindeiro día 4 de febreiro terá lugar o “VII campionato dominó Concello de Cambre”. O concello colabora cos trofeos e non hai achega económica.

A continuación informa que mañá, día martes 24 de febreiro, ás 13 horas, don Ernesto Anido, alcalde de Sada, convocou a todos os concelleiros de deportes no Consorcio.

Tamén informa que o club de béisbol de Cambre solicitou para o mes de outubro poder realizar o campionato de España aquí en Cambre. Agora está en tramitación coa federación, etc. pero, en principio, parece que non hai problemas.

Para rematar, don Fernando Caride Suárez informa que esta semana xa se iniciou o expediente de contratación da subvención para a adecuación á normativa vixente da piscina do Balado. Hai de prazo ata o día 30 de novembro para xustificar a subvención.

Informes da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Dona Marta Maria Vázquez Golpe informa que o venres pola mañá tivo lugar no salón de actos o sorteo de “rasca e gana”. Sorteouse un Ipod, unha televisión e unha viaxe para dúas persoas nun balneario.

A seguir, informa que esta semana comezaron as probas de acceso para os cursos de formación municipal e unicamente queda por realizar esta semana a selección e comezará o primeiro dos cursos, o día 30 de xaneiro.

Para rematar, dona Marta Maria Vázquez Golpe informa que a ordenanza fiscal de actividades está redactada, pero parece que hai distintas interpretacións técnicas entre a funcionaria responsable e a informante, e considera, por outra banda, que se debería facer unha ordenanza para regular o uso de espazos e locais sociais para espectáculos, teatro, etc., que se fan pagando entrada.

Informes da alcaldía

O señor alcalde informa que o grupo musical Amizades ofrecéulle realizar un concerto benéfico para recadar fondos para enviar a un neno con parálise cerebral a un centro especial en Guadalajara. O neno vive no Temple e os pais solicitaron axuda ao concello. Dende Servizos Sociais axudóuselles coa cartelería para pedir axudas.

Informes da concelleira delegada da área de Urbanismo e Medio Ambiente

Dona Rocío Vila Díaz informa que a partir do día 30 de xaneiro estarán nas oficinas municipais técnicos da Deputación provincial da Coruña para facer unha revisión catastral no Concello de Cambre. Estarán no horario de 9,00 a 14,00 horas e de 16,00 a 18,00 horas e tardarán en facer o traballo unhas tres semanas aproximadamente.

A continuación, don Felipe Andreu Barallobre informa a este respecto que solicitaron un local e, como estarán libres as oficinas de deportes, utilizarán os baixos ao lado da casa do concello, ao igual que os técnicos que axudarán na avaliación das ofertas de Villa Concepción.

Dona Rocío Vila Díaz informa, así mesmo, que o venres estivo na Consellería de Medio Ambiente polo tema da cartografía, e lle solicitaron que o concello siga os mesmos criterios que eles teñen para facer a cartografía. Continúa a dicir que queren que todos os concellos de Galicia teñan os mesmos criterios para realizar a cartografía.

Informes do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos

Don Manuel Marante Gómez informa que hoxe comezan a instalar o cable, o cal habían roubado a semana pasada nas inmediacións do instituto da Barcala e da piscina municipal cuberta. Así mesmo, informa que entre hoxe e mañá se cambiará a instalación da iluminación pública na urbanización Arrigada, que parece que está picada.

En canto a camiños, don Manuel Marante Gómez informa que se incluírá dentro do Plan estratéxico de infraestruturas no medio rural, entre outros, o tramo que hai no Drozo, Anceis, no Camiño Inglés, para que poida pasar o camión da recollida do lixo.

Informes do concelleiro delegado da área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación

Don Felipe Andreu Barallobre informa que respecto do expediente de protección civil, o venres estivo a técnica de xestión de administración xeral dona Maria Fernanda Montero na Deputación provincial e manifesta que hai que facer algunhas modificacións no proxecto do edificio de protección civil, que non afectan ao orzamento, e tamén un estudo xeotécnico.

A continuación don Felipe Andreu Barallobre informa que respecto do mantemento de zonas verdes, solicitouse a Orto para que presente a relación de persoal que ten para que a empresa subrogue ao persoal.

Informes da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación

Dona Maria Jesús González Roel informa que esta semana hai unha convocatoria cos responsables de Servizos Sociais dende o Consorcio, dado que se está a traballar para consorciar servizos.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as once horas e cinco minutos, do que eu, secretaria, certifico.



Manuel Rivas Caridad

A secretaria



María Luisa de la Red Ampudia